

1. Ficha técnica

FICHA TÉCNICA:

Denominación:

Feira do Motor

Ámbito:

Nacional

Periodicidade do certame:

Anual

Organiza:

Concello de Narón

Datas, horario e lugar de celebración:

Sábado 5 e domingo 6 de setembro de 2020 en horario de 10.00 a 20.00 h.

Rúa dos Carboeiros, polígono do Río do Pozo, Narón.

Modalidades de exposición:

Establécense diversas modalidades de exposición:

- Vehículo novo
 - Vehículo quilómetro cero
 - Vehículo de ocasión
 - Vehículo de segunda man
 - Vehículo industrial
 - Motocicletas
 - Autocaravanas

Sectores:

Automoción, xoguetes, puericultura, téxtil, industrial, calzado, educación, aforro, viaxes, cerimonias, saúde, mobiliario, servizos, alimentación...

Prezo da entrada:

Gratuíta e con capacidade limitada.

Tarifas de exposición para reserva:

Gratuíta e con capacidade limitada.

Data límite de reserva:

Venres 21 agosto de 2020

Data límite de comunicación do número de vehículos que se van expoñer:

Venres 28 agosto de 2020

Webs de información:

www.naron.es
www.eventi.es/blog

Secretaría de organización:

Río Castro, 2, edif.2000, L-7, 15570 Narón

Telf. de información: 607 391 660

Correo electrónico: info@eventi.es

Todas as empresas e profesionais participantes deberán estar legalmente dados de alta.

Para calquera consulta ou comentario, non dubide en contactar coa Secretaría de organización.

1.1. Normas de participación dos expositores

1.1.1. Zona expositiva

A zona expositiva estará situada na rúa dos Carboeiros, no polígono do Río do Pozo (Narón) na que se habilitará unha das vías de cada sentido de circulación para o estacionamento e a exposición de vehículos, quedando o outro carril reservado para a circulación peonil.

Os expositores deberán comunicar antes do venres 28 de agosto, por correo electrónico dirixido a produccion@eventi.es o número de vehículos que van expoñer.

1.1.2. Publicidade no lugar de venda (PLV)

Os expositores poderán facer uso de toldos, bandeiras, *stands*, mostradores e en xeral todo elemento PLV que consideren, sempre e cando non ocupen zonas asignadas a outros expositores nin ao tránsito de peóns, e ofrezan garantías de seguridade.

1.1.3. Distancia

A distancia mínima entre vehículos será de 10 metros para garantir que non se produzan aglomeracións de público.

A distancia mínima entre expositores será de 10 metros para garantir a identificación de cada un deles.

En función das necesidades de exposición, a organización poderá dispoñer o uso dos carrís de ambos os dous sentidos de circulación.

1.1.4. Posicionamento do vehículo

A asignación de espazos expositivos decídeala a organización atendendo á orde de reserva de participación, podendo variar esta en caso necesario por criterios organizativos ou de seguridade.

Os vehículos estacionaranse en batería diagonal na zona expositiva asignada.

1.1.5. Proba de condución

Os expositores poderán organizar probas de condución dos seus vehículos de forma gratuíta.

Por motivos de seguridade, o movemento ou circulación de vehículos deberá ser comunicado previamente ao persoal da Secretaría da organización, que será o encargado de abrir espazo para que o vehículo poida transitar con garantía de seguridade para o público.

1.1.6. Vixilancia

Haberá persoal de vixilancia en horario de 20.00 a 10.00 h. Este servizo estará composto por, polo menos, cinco persoas.

De todos os xeitos, os expositores que así o prefiran, poderán retirar os vehículos ao finalizar a xornada para traelos de novo á mañá seguinte, debendo informar á Secretaría da organización antes de mover os vehículos. Para isto establecerase o seguinte horario:

- Retirada de vehículos: a partir das 20.00 horas
- Estacionamento ao día seguinte: antes das 09.30 horas

1.1.7. Persoal comercial

Con motivo da Covid-19, precisaremos os seguintes datos do persoal que acudirá por parte dos expositores: nome, apelidos e número de teléfono.

O persoal de cada expositor deberá levar sempre visible a correspondente acreditación.

O uso de máscara será obrigatorio.

1.2. Por parte da Secretaría de organización

1.2.1. Material

A Secretaría de organización comprométese a instalar puntos con dispensadores de xel hidroalcohólico dentro da zona expositiva.

1.2.2. Comunicación e campaña promocional

A Secretaría de organización creará unha páxina web con información e relación dos expositores.

1.2.3. Actividades paralelas

A Secretaría de organización ten prevista a realización de actividades paralelas (exposicións, presentacións, relatorios, etc.).

A asistencia á zona de relatorios será con capacidade limitada e con reserva previa ou *in situ*, se hai vacantes dispoñibles.

Todo expositor poderá suxerir a inclusión dalgunha actividade paralela como “presentación novo modelo”, “relatorio técnico” ou similar, sempre e cando llo solicite á organización con suficiente antelación e sexa aprobada por esta.

2. Normas de obrigado cumprimento para o público

O público deberá cumprir as seguintes normas:

- Uso obrigatorio de máscara en todo o recinto.
- Uso de xel hidroalcohólico na entrada.
- Distancia mínima de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

3. Formulario de inscrición

A participación neste evento require a aceptación previa por parte de Eventi.

Esta solicitude debe enviarse antes do 21 de agosto.

Deberá achegar a seguinte documentación:

- Xustificante do imposto sobre actividades económicas.
- Xustificante do seguro de responsabilidade civil.

Toda a documentación debe enviarse antes do 21 de agosto a: produccion@eventi.es.



A persoa solicitante manifesta estar ao día de cantas normativas lle sexan aplicables, especialmente no referente a obrigas laborais, sanitarias e tributarias, eximindo á organización de tal responsabilidade, e asumindo para si as responsabilidades subsidiarias nas que por estas obrigas se vexa afectada a organización.

A persoa solicitante autoriza á organización a divulgar imaxes do posto e do seu persoal, para os efectos de difusión e promoción do evento.

A persoa solicitante manifesta coñecer e aceptar estas disposicións, así como o regulamento de participación.

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN NA FEIRA DO MOTOR DE NARÓN

Enviar por correo electrónico a produccion@eventi.es co asunto: "Inscripción Feira do Motor"
antes do 21 de agosto de 2020

Razón social:							
Nome comercial:							
Persoa de contacto:							
Enderezo:							
Poboación:		CP:		Provincia:		País:	
CIF/NIF:		E-mail:					
Tlf:		Web:					
							

Datos de exposición

Tipo de vehículos:	<input type="checkbox"/> Novo	<input type="checkbox"/> Km 0	<input type="checkbox"/> Ocasión	<input type="checkbox"/> Segunda man
	<input type="checkbox"/> Motocicletas	<input type="checkbox"/> Camper/Autocaravana	<input type="checkbox"/> Veh. Industrial	
Cantidade de vehículos:				

..... de de 2020

Sinatura: